



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Antón García Fernández
Rodrigo Alberte Pivida
Federico Fernández Fernández

CC.OO.

Carmen Serra Rodríguez
Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Marcos Estévez Orge **(DS)**

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola

DELEGAN VOTO

Manuel Velasco Graña
Cándido Pérez Betanzos
Juan José Fernández
Carlos Mollinedo Lois

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundición o día 28 de Xuño de 2004, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, en reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Proposta feita pola Xerencia de inclusión no 1º Convenio colectivo da Universidade de Vigo do cadro retributivo do persoal informático do ATIC e máis do responsable do parque móbil. Discusión e aprobación se procede.
2. Estado da demanda do conflito colectivo
3. Acción Social.

A reunión é presidida por Rodrigo Alberte, vicepresidente do CI, ao estar de baixa Cándido Pérez. Antes de comezar a reunión da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Manuel Velasco que delega en Carmen Serra e Carlos Mollinedo Pérez que delega en Federico Fernández. A delegación de Cándido Pérez faise extensiva a posteriores reunións namentres dure a súa baixa laboral. A reunión da comezo ás 10:15 horas.

1. Debátese a proposta do Xerente sobre o persoal informático do ATIC, para a continuación volver a votar dita proposta.

CCOO propón unha nova proposta, que por ser elaborada estes últimos días non puido ser estudada polos demais sindicatos. Carmen Serra explica esta nova proposta, que sería complementaria a do Xerente e non pretende modificar nin diminuír as retribucións dos compañeiros informáticos, sinón que se trata de homoxeneizar e equilibrar os complementos de categoría nos distintos grupos. As retribucións deberían responder a unhas funcións, ser xustas e sensatas. Esta nova proposta podería facerse extensiva a outros grupos. Adxúntase a proposta a acta.

UGT tamén presenta unha proposta. Arturo Casar considera que na proposta do Xerente o complemento de categoría supón unha baixa do soldo. Os informáticos queren cambiar o complemento de categoría por responsabilidade.

A CIG está dacordo coa proposta de Xerencia polos seguintes motivos:

- Pensan que é primordial aprobala antes de que remate as Oposicións do ATIC, para que estas non sufran un retraso.
- Consideran que o Xerente fixo unha táboa retributiva de tódolos servizos, como se lle solicitara dende o CI
- O Xerente admitiu que se deben equilibrar os postos de nos distintos servizos, aínda que isto non deixa de ser unha declaración de intencións.
- Este documento sentaría as bases para un futuro
- A CIG considera que a proposta do Xerente será ratificada polo Consello de Goberno, o que lle confire certo peso para o futuro e para o próximo convenio.

Despois de debaterse amplamente, as posturas seguen igual, polo tanto volve a haber un empate 6-6.



Decídese ir a reunión co Xerente e expoñerlle o que pasou na reunión, entregarlle a proposta de CCOO, e pedirlle que conceda un pouco máis de tempo, para poder chegar a un acordo.

O Xerente pretende levar a proposta a mesa de retribucións e votar alí, pero temos dúbidas de si esta votación é válida, pois en principio estas mesas non son decisorias.

2. Estado da demanda de conflito colectivo.

Este punto refírese a reclamación fixo o CI para que o persoal laboral contratado cobre os trienios nas mesmas condicións que o persoal laboral fixo.

O 24 de Xuño houbo unha acta de conciliación a que asistiu Cándido Pérez Betanzos e Augusto Viso Alonso. Intentouse a conciliación pero non foi posible chegar a un acordo, polo tanto prosigue o proceso xudicial. Para seguir coa demanda é necesaria a intervención dun avogado, isto farase a través dun sindicato. Decídese que nesta ocasión tócalles levar a demanda ao avogado de UGT.

3. Acción Social

Na última reunión da mesa de Acción Social, procedeuse a analizar proposta enviada a Xerencia polo CI e a Xunta de Persoal Funcionario.

A Universidade pón unhas condicións enriba da mesa para poder chegar a un acordo:

- A proposta debe ser conxunta PAS e PDI
- Non se debe excluír a ningún traballador, aínda que se debe ter en conta a renda familiar.

A dúbida que se plantexa ao CI é si se debe negociar xa a nova proposta ou si a convocatoria de Acción Social do 2003 debe ser igual as anteriores. Prócedese a votar si se negocia xa a nova proposta, o resultado da votación foi o seguinte:

VOTOS A FAVOR	10
VOTOS EN CONTRA	0
ABSTENCIÓNS	2

Acordouse facer unha reunión co PAS funcionario e co PDI

As 12:00 h remata a reunión.

Acordos:

- O avogado de UGT levará a demanda do conflito colectivo
- Reunión co PAS funcionario e PDI para tratar a proposta de Acción Social

Vº Bº: Victoria Alonso Crespo
(Vicesecretaria)

VºBº: Rodrigo Alberte Pivida
(vicepresidente)